



Concello de Vigo
Expte. 3145/1101

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. Núm. 12

CONVOCATORIA

DECRETO DE CONVOCATORIA.

De conformidade co apartado 3.14.1. do Anexo da Orde de 7 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, a realización de actos institucionais poderá desenvolverse sen superar o noventa por cento da capacidade permitida (aforo do Salón de Plenos) sempre que o público permaneza sentado; en todo caso estableceranse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade persoal interpersoal (1,5 m.).

Sen prexuízo da asistencia telemática de aqueles concelleiros e concelleiras que por embarazo, maternidade, paternidade ou enfermidade grave decidan a súa asistencia nesa condición (artigo 60.5. do Regulamento Orgánico Pleno), convócase, conforme as previsións citadas, sesión pública do Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Vigo para celebración de sesión ORDINARIA correspondente o presente mes de outubro ás **NOVE HORAS** do día **27 de OUTUBRO**.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 29 de setembro de 2021.

Ditames das comisións informativas:

ORGANIZACIÓN MUNICIPAL, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ADMINISTRATIVA E I+D



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/10/2021 13:38

Páxina 1 de 3

Expediente 3145/1101

CSV: 298DAC-295A42-CHE8D2-UJBWYJ-GBMST7-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2. Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público. Resolución de alegación. Expediente 118041/210. Rexistro Pleno 3138/1101.

ORZAMENTOS E FACENDA

3. Dar conta do Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2021. Expte. 102827/140. Rexistro Pleno 3137/1101.
4. Dar conta das liñas fundamentais do orzamento do ano 2022 e previsión de liquidación do Orzamento do ano 2021. Expte. 195/143. Rexistro Pleno 3140/1101.
5. Dar conta do Estado de execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2021, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias. Expte. 200/143. Rexistro Pleno 3139/1101.
6. Dar conta da morosidade e período medio de pagos do terceiro trimestre de 2021. Expte. 24845/541. Rexistro Pleno 3141/1101.

URBANISMO

7. Aprobación definitiva do Instrumento de Ordenación Provisional no ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 Calvario. Expte. 17165/411. Rexistro Pleno 3146/1101.

Mocións:

- 8.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Goberno de España a incrementar substancialmente os recursos que asigna á cidade e a executar a totalidade do Orzamento. Rexistro Pleno 3156/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a incluír nos seus orzamentos unha partida para garantir a gratuidade das escolas infantís dende o 1 de xaneiro de 2022, para a atención educativa e para o servizo de comedor. Rexistro Pleno 3151/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a contratación de profesorado para tódolos centros educativos da nosa cidade que viron recortado o seu persoal. Rexistro Pleno 3152/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que bonifique as peaxes da autoestrada Vigo-Baiona nos mesmo



termos que o fixo o Goberno do Estado coa peaxe a Redondela. Rexistro Pleno 3152/1101.

- 12.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a consignación nos Orzamentos do 2022 da partida económica correspondente para a realización da ampliación do túnel de Beiramar en Vigo. Rexistro Pleno 3154/1101.

PARTE DE CONTROL

- 13.** Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 23.09 ao 19.10.2021. Expte. 1093/1102. Rexistro Pleno 3148 /1101.
- 14.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 23.09 ao 19.10.2021. Expte. 1094/1102. Rexistro Pleno 3149/1101.

Mocións.

- 15.** Moción do concelleiro non asdcrito por un Plan municipal de promoción da lectura en Vigo. Rexistro 3155/1101.
- 16.** Moción do grupo municipal Mixto para a priorización de políticas de reconstrución económica e social na cidade de Vigo con cargo aos fondos europeos Next Generation. Rexistro Pleno 3150/1101.
- 17. Formulación de rogos.**
- 18. Formulación de preguntas.**

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público na páxina web municipal ós efectos de información.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

Ante min, o secretario xeral do Pleno
José Riesgo Boluda

